



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia das relixións

Materia	Historia das relixións			
Código	O02G251V01904			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Profesorado	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Correo-e	mdiaz@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición	Análise xeral e global das diversas relixións e a súa evolución no tempo, desde as súas orixes aos noso días xeral			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.			
B1	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais			
B5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz			
C13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais			
C23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica			
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio			
D7	Capacidade de razoamento crítico			
D8	Compromiso ético e responsabilidade social			
D10	Atención á diversidade e multiculturalidade.			
D16	Coñecemento doutras culturas			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Avaliación do proceso de construción dalgúns elementos esenciais da evolución humana	B1	C13		
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna	B5	C13	D7	D8
			D16	
Análise crítico das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral	B5	C13	D16	
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes bibliográficas e das interpretacións historiográficas	B5	C13	D16	
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	A3	C23	D4	
Compromiso coa ética e responsabilidade social como cidadán e profesional	A3	B5	D10	

Contidos

Tema				
------	--	--	--	--

1. Politeismos	1.1. Oriente Próximo 1.2. Grecia e Roma 1.3. Celtas e xermanos 1.4. América precolombina
2. Relixións de salvación	1.1. Zoroastrismo 1.2. Judaísmo 1.3. Cristianismo 1.4. Islam 1.5 Relixións dualistas
3. Vías de liberación e inmortalidade	3.1. Hinduísmo 3.2. Budismo 3.3. Taoísmo 3.4. Sintoísmo

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	14	14	28
Eventos científicos	2	1	3
Traballo tutelado	10	30	40
Seminario	13	26	39
Resolución de problemas de forma autónoma	3	9	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	10	12
Traballo	4	8	12
Presentación	1	2	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión orientada a presentar a materia, tomar contacto co alumnado e reunir información sobre as súas competencias, motivacións e intereses
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesor e presentación das liñas básicas para o desenvolvemento das actividades relacionadas
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Traballo tutelado	Elaboración de traballos por parte dos alumnos a partir de fontes bibliográficas, ben de xeito individual ou ben en grupo, que deberán ser presentados e debatidos na aula. O seguemento realizarase mediante a plataforma Moovi e o Campus remoto.
Seminario	Reunións para a resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, metodoloxía utilizada para a realización do traballo e revisión das probas de avaliación. O seguemento realizarase mediante a plataforma Moovi e o Campus remoto.
Resolución de problemas de forma autónoma	Traballo autónomo do alumnado consistente na realización de cuestionarios e exercicios sobre os contidos da materia na plataforma Moovi.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Seguimento do alumnado nas actividades orientadas á realización do traballo e ás dúbidas que poidan xurdir mentres leva a cabo a elaboración de ditos traballos tutelados. O seguemento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas de forma autónoma	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado mediante a súa participación nas tarefas propostas na plataforma Moovi. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes bibliográficas e das interpretacións historiográficas	10	B1 C13 D10 D16

Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado examínase dos seus coñecementos sobre os contidos teóricos da materia. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Avaliación do proceso de construción dalgúns elementos esenciais da evolución humana. Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes bibliográficas e das interpretacións historiográficas	40		B1 C23 D16
Traballo	Entrega, exposición e defensa na aula do traballo tutelado, avaliándose os seus contidos, estrutura, presentación, capacidade de síntese e análise crítica. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas. Análise crítico das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral. Compromiso coa ética e responsabilidade social como cidadán e profesional.	40		B5 C13 D7 D8 D10
Presentación	Exposición dos resultados obtidos no traballo de curso na que participarán tódolos integrantes do grupo, que serán cualificados de forma individual. Con elo se dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas. Análise crítico das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral. Compromiso coa ética e responsabilidade social como cidadán e profesional.	10	A3	C23 D4 D10

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándooas como propias" (DLE-RAE).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de □avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado* da Universidade de Vigo).

Aqueles alumnos/as que non poidan acollerse á avaliación continua (que exige a entrega en tempo e forma das tarefas propostas), serán avaliados dos contidos da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará o 30% restante. O devandito traballo deberá estar asignado, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial e entregarse coincidindo coa data fixada polo Centro para a súa realización en cada convocatoria. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción non mencionado art. 3.10); para superar a materia requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 na proba escrita (contidos teóricos e prácticos).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Filoramo, G.; Massenzio, M., Raveri, M.; Scarpì, P., **Historia de las religiones**, Crítica, 2007

Jelen, T.G. e Wilcox, C. (eds.), **Religión y política: una perspectiva comparada**, Akal, 2006

Smith, Hurson, **Las religiones del mundo**, Thassàlia, 1995

Bibliografía Complementaria

Coogan, M. D. (ed.), **Religiones del mundo**, Blume, 2004

Lancano Salafranca, F., **Introducción a la cultura japonesa: pensamiento y religión**, Universidad de Valladolid, 2000

Marzal, M. M. (ed.), **Religiones andinas**, Trotta, 2005

Recomendacións

Outros comentarios

Esta información será ofrecida a través de Moovi, polo que todos/as os/as alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.
